

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/15/2015	GOBZI0GX
026155656P3K1C4M0MUR	
2 0 2 6 1 5 5 6 5 6 P 3 K 1 C 4 M 0 M U R ^ »	
2 0 2 6 1 5 5 6 5 6 P 3 K 1 C 4 M 0 M U R ^ »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIA O TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SR ALCALDE-PRESIDENTE:</u> D/D^a JOSE MANUEL BLANCO SUAREZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a NATALIA HERMIDA RICO D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO D/D^a MERCEDES TAIBO REY D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS D/D^a MIGUEL DE SANTIAGO BOULLON D/D^a LAURA PENA FERNANDEZ D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO D/D^a PATRICIA ANEIROS FREIRE D/D^a HIPOLITO FARIÑAS SOBRINO D/D^a PABLO VILLAMAR DIAZ D/D^a TERESA JESUS SABIO RODRIGUEZ D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/D^a OCTAVIO ALEJANDRO DOPICO PEREZ D/D^a ALFONSO CASAL PITA</p> <p><u>NON ASISTEN:</u> D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO /D^a ANDRE ABELEDO FERNANDEZ</p> <p><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL:</u> D/D^a MANUEL G. ANTÓN VILLAMIL</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 10:00 do trinta de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. alcalde, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES 13-06-15, 19-06-15 E 03-07-15).

Dada conta das actas das sesións anteriores, o Concello Pleno por unanimidade e en votación ordinaria, deulles a súa aprobación.

2 °.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO TRAZADO DO CAMIÑO R123 DOS DO INVENTARIO DE VÍAS DO CONCELLO DE NARÓN.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a solicitude que se presenta por dona Armandina García Durán o día 28.01.2015 e nº de entrada 1.601, así como o escrito presentado pola súa filla, dona Ana Mª Caaveiro García o día 03.02.2015 e nº de entrada 2.009, nos que expoñen que parte do estaquillado colocado por este Concello nas actuacións de recuperación do Camiño das Agradas no Lugar de Ansede, desapareceu e que a día de hoxe impídese o acceso libre da interesada á finca da súa propiedade dende o referido camiño.

Á vista do exposto, solicítase informe ao Sr. Enxeñeiro Agrónomo don Juan Carlos Trillo Morado.

Logo de emitirse informes técnico e xurídico, aos que se achega documentación gráfica e, á vista dos antecedentes obrantes neste Concello:

- Denuncias previas
- Sentenza do Xulgado Contencioso-administrativo nº 1 de Ferrol, proc. Ordinario 54/2006.
- Acta de recuperación de camiño e levantamentos topográficos.

Consonte o preceptuado na seguinte normativa:

- artigo 82 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de réxime local, que literalmente di:

“As Entidades locais gozan, respecto dos seus bens, das seguintes prerrogativas:

- a) A de recuperar por si mesmas a súa posesión en calquera momento cando se trate dos de dominio público e, no prazo dun ano, os patrimoniais.”
 - Artigo 70.1) do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, segundo o cal: “As Corporacións Locais poderán recobrar por sí a tenencia dos seus bens de dominio público en calquera tempo.”

Visto todo o exposto, e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 20-07-15 o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Aprobar a inclusión da ampliación do trazado do Camiño R123 no Inventario de Vías do Concello, dacordo cos termos do informe técnico que se achega.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo aos propietarios das parcelas catastrais colindantes, para que formulen as alegacións que estimen pertinentes no prazo de 15 días a contar dende o seguinte á recepción do acordo.

TERCEIRO.- Transcorrido o dito prazo sen que se presentasen alegacións ningunha, procederase por este Concello a executar as operacións materiais necesarias que permitan o libre acceso polo Camiño das Agradas no Lugar de Ansede (R123 do Inventario de Vías do Concello de Narón).

DEBATE

-Sr.Casal Pita: mirando o expediente con calma vin que o que está aquí no expediente non é unha ampliación dun camiño senón que, digamos unha reapertura deste camiño, no. Por outro lado, parece ser que, faltaba un pequeno trámite para completar o rexistrar adecuadamente este camiño no Rexistro de camiños municipais.

Entonces eu entendo que se debería modificar o que é o título desta proposta porque en realidade non se trata dunha ampliación e isto aínda que é unha cousa menor, eu entendo que para que a veciñanza non se leve un error cerca do que estamos aprobando ou o que estamos facendo. Non sei se me explico correctamente.



O digo porque este é un tema que ven de vello, xa. No ano 2006 houbo xuízo, disputas dos veciños e se agora lles decimos que imos ampliar o camiño e non se entra no detalle do tema, pode levantarse máis polémica innecesariamente. Moitas grazas.

-Sr.alcalde: realmente o que imos a aprobar é o que lé o secretario, non é o título da cuestión. Pasamos a votar entón o asunto.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 °.- PROPOSTA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 7/2015 CONCELLO E PADROADO DE CULTURA.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LEOSF), obriga a destinar o superávit ou capacidade de financiamento positivo, calculada conforme ao Sistema Europeo de Contas, ou o remanente líquido para gastos xerais positivo se fose menor, resultantes ambos da liquidación consolidada do exercicio 2014 para as entidades sectorizadas como Administración pública no Concello de Narón, a amortización de débeda. Malia o anterior e excepcionalmente para o ano 2015, a Disposición Adicional 6.^a da LEOSF, prorrogada pola Disposición Adicional 9.^a do Real Decreto Lei 17/2014, permite destinar parte desta cantidade a investimentos financeiramente sustentables, definidos segundo a Disposición Adicional 16.^a do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), engadida polo Real Decreto Lei 2/2014 de 21 de febreiro, sempre que se cumpran unha serie de requisitos. Vistos os expedientes que se achegan e as modificacións que se propoñen consonte co seguinte detalle:

FINANCIAMENTO

Económ.	Aplicación orzamentaria	Importe	Descrición ingreso
39909	OUTROS INGRESOS DIVERSOS	32.815,26	Ejecución aval garantía servizos e remate calzada R/ Vaqueira (ingresos pendentes de aplicación)
41000	PADROADO CULTURA – TRANSFERENCIAS	3.503,46	Transferencia remanente sobrante
87000	REMANENTE TESOURERÍA GASTOS XERAIS	3.628.273,29	Financiamento con cargo a remanente
TOTAIS		3.664.592,01	

AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

	Aplicación orzamentaria	Descrición gasto	Suplemen. de crédito
06/01100/91300	DEBEDA PUBLICA - AMORT. PREST. L.P. OUTROS	Amortización anticipada préstamos	920.444,26

INVESTIMENTOS

Aplicación orzamentaria	Aplicación orzamentaria	Descrición gasto	Créditos extraordin.	Suplemen. crédito
17/15320/60900	VIAS PUBLICAS - OUTROS INV. NOVAS INFRAEST.	Dotación servizos e remate calzada R/ Vaqueira		53.324,80
17/15320/60900	VIAS PUBLICAS - OUTROS INV. NOVAS INFRAEST.	Melloras de accesibilidade en vías públicas		33.189,96
17/15320/61900	VIAS PUBLICAS - OUTROS INV. REPOS. INFRAEST.	Reforma vial central urbanización O Couto		45.000,00
17/15320/61900	VIAS PUBLICAS - OUTROS INV. REPOS. INFRAEST.	Reforzo capa rodadura en 21 rúas		47.257,68

Aplicación orzamentaria	Aplicación orzamentaria	Descrición gasto	Créditos extraordin.	Suplemen. crédito
17/15320/61900	VIAS PUBLICAS - OUTROS INV. REPOS. INFRAEST.	Plan Mellora servizos e pavimentos en rúas de Narón 2015		900.000,00
17/15320/61900	VIAS PUBLICAS - OUTROS INV. REPOS. INFRAEST.	Reforzo firme e pavimentación diversos camiños		24.581,26
17/15320/61900	VIAS PUBLICAS - OUTROS INV. REPOS. INFRAEST.	Obras diversas acondicionamento camiños Pradedo, outeiro, Chao de Doso e parque do Couto		48.025,27
17/15320/61900	VIAS PUBLICAS - OUTROS INV. REPOS. INFRAEST.	Plan Mellora camiños rurais 2015		300.000,00
18/16000/62900	SANEAMENTO - OUTROS INVESTIMENTOS NOVOS	Saneamento na zona rural: Os Vicas, Sedes e O Val	600.000,00	
18/16500/60900	ALUMEADO - OUTROS INVEST. NOVAS INFRAEST.	Instalación alumeado Lg/ Fontela, San Mateo		5.816,47
18/33700/62200	TEMPO LIBRE [INSTAL.] - NOVOS INV. EDIFICIOS	Construción almacén local social O Val		28.490,25
18/93300/62200	XESTION PATRIMONIO - NOVOS INVEST. EDIFICIOS	Vestiaros Pavillón da Mocidade	108.998,32	
18/93300/62200	XESTION PATRIMONIO - NOVOS INVEST. EDIFICIOS	Pavimento deportivo Pavillón Piñeiros	39.920,32	
18/93300/62300	XESTION PATRIMONIO - IN. NOVO MA., IN. E UT.	Instalación aire acondicionado plantas 2. ^a e 3. ^a Pazo Concello		91.114,94
18/93300/62300	XESTION PATRIMONIO - IN. NOVO MA., IN. E UT.	Instalación aire acondicionado Policía Local e Servizos Externos		36.985,39
18/93300/63200	XESTION PATRIMONIO - INVES. REPOS. EDIFICIOS	Reposición canalóns Pavillón A Gándara	26.136,00	
18/93300/63200	XESTION PATRIMONIO - INVES. REPOS. EDIFICIOS	Reposición pavimento antideslizante praia Piscina Gándara	9.022,23	
23/49100/62300	SOCIEDADE DA INFORMACION - IN. NOVO MA., IN. E UT.	Rede datos Pazo Concello	90.000,00	
23/49100/64100	SOCIEDADE DA INFORMACION - APLIC. INFORMÁTICAS	Sinatura electrónica na plataforma de xestión contable	15.000,00	
23/49100/64100	SOCIEDADE DA INFORMACION - APLIC. INFORMÁTICAS	Consulta telemática expedientes na sede electrónica	14.459,50	
TOTAIS			903.536,37	1.613.786,02

OUTROS GASTOS DERIVADOS DOS ACREDORES PENDENTE DE APLICAR AO ORZAMENTO.

Aplicación orzamentaria	Aplicación orzamentaria	Descrición gasto	Créditos extraordin.	Suplemen. de crédito
01/94300/46300	TRANSFER. MANCOM. FERROLTERRA - ACHEGAS	Achega proxecto Promoción Turística Xeodestino		4.359,83
01/94300/46300	TRANSFER. MANCOM. FERROLTERRA - ACHEGAS	Achega programa Fomento Cooperativismo		1.320,41



Aplicación orzamentaria	Aplicación orzamentaria	Descrición gasto	Créditos extraordin.	Suplemen. de crédito
07/32600/22300	SERVIZOS COMPL. EDUCACION - TRANSPORTES	Transporte Colexio Rural Agrupado		700,00
08/33400/22609	CULTURA - ACTIVIDADES	Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil	32.549,00	
10/34200/21200	DEPORTES - MANT. EDIF. E OUTRAS CONSTRUC.	Contratos mantemento instalacións		10.000,00
12/32600/47900	SERV. COM. EDUC. - CONV. EMPRES. PRIVADAS	Convenios colexios concertados: xantares	4.100,00	
13/23101/62300	IGUALDADE - INVEST. NOVO MAQ., INS. E UT.	Máquinas coser obradoiro confección	2.550,00	
15/24100/22300	PROMOCION EMPREGO - TRANSPORTES	Transportes varios	250,00	
15/24100/22500	PROMOCION EMPREGO - TRIBUTOS	Taxas homologación especialidades	70,00	
15/24100/62300	PROMOC. EMPREGO - INV. NOVO MAQ., INS. E UT.	Maquinaria carpinteiría	3.200,00	
15/24100/62300	PROMOC. EMPREGO - INV. NOVO MAQ., INS. E UT.	Forno curso cociña	6.100,00	
15/24100/62500	PROMOCION EMPREGO - MOBILIARIO	Cadeiras Centro Formación	1.130,00	
15/24100/62500	PROMOCION EMPREGO - MOBILIARIO	Material audiovisual Competencias Clave	1.500,00	
16/17000/62500	MEDIO AMBIENTE - MOBILIARIO	Mobiliario e equipamento Aldea Nova	44.796,22	
18/33700/22400	TEMPO LIBRE [INSTAL.] - PRIMAS SEGUROS EDIF.	Primas seguros locais sociais		2.199,90
19/92400/22699	PARTICIPACION CIDADA - OUTROS GASTOS	Actividades Nadal		4.000,00
19/92400/22799	PARTICIPACION CIDADA - DINAMIZACION COMUNIT.	Actividades Nadal		18.000,00
20/43300/22799	PROMOCION ECONOMICA - OUTROS TRABALLOS	Promoción do comercio naronés		15.000,00
21/43200/22699	TURISMO - OUTROS GASTOS	Eventos turísticos	10.000,00	
22/33800/22699	FESTAS - OUTROS GASTOS	Aluguer carpas para actos diversos		65.000,00
TOTAIS			106.245,22	120.580,14

FINANCIAMENTO

Concepto de ingresos incrementado	Denominación	Importe
870,00	Remanente de tesourería para gastos xerais	27.403,46

INVESTIMENTOS

Partida incrementada	Denominación	Importe
33400	46200 TRANSFERENCIAS A ADMONES LOCALES TERRITORIALES. A CONCELLOS	3.503,46
49100	69100 Equipos para procesos de información	23.900,00

Considerando que se cumpren as regras especiais para o destino do superávit orzamentario establecidas na Disposición Adicional 6.^a da LEOSF.

Considerando que os investimentos previstos cumpren os requisitos estipulados na Disposición Adicional 16.^a TRLRFL para poder considerarse financeiramente sustentables.

Considerando que existen tamén novos e maiores ingresos por importe de 32.815,26 € no concepto 39909, Outros ingresos, produto da execución dun aval por incumprimento do interesado na execución da obra de remate da calzada da rúa Vaqueira que financiará parcialmente o devandito investimento .

Visto o ditame favorable por maioría con 6 votos a favor (4 TEGA+ 1 BNG + 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións (2 PP+ 1 GRUPO MIXTO) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas en reunión celebrada o 23/07/2015, o Presidente da devandita Comisión propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de modificación de créditos N.º 7/2015 de crédito extraordinario e suplemento de crédito para: A) amortizar anticipadamente débeda (920.444,26 € que se suplementan); B) Para investimentos financeiramente sustentables (un total de 2.517.322,39 €, dos que corresponden a suplementos 1.616.78602 € e 903.536,37 € a créditos extraordinarios); e C) Para atender aos acredores pendentes de aplicar ao orzamento (226.825,36 €, dos que 120.580,14 € se suplementare 106.245,22 € se habilitan), financiadas có remanente líquido de tesourería para gastos xerais consolidado (3.628.273,29 € do Concello e 3.503,46 € do remanente líquido de tesourería do Padroado de Cultura transferido a este Concello), e con novos o maiores ingresos do concepto 39909, Outros ingresos (32.815,26 €), en cumprimento do artigo 32da LOEP e a disposición adicional 16.ª do TRLFL 2/2004.

SEGUNDO: Aprobar o expediente de modificación de créditos do organismo autónomo Padroado de Cultura de crédito extraordinario para: A) Investimentos financeiramente sustentables por importe de 23.900,00 € e B) para transferir ao concello o remanente líquido de tesourería para gastos xerais sobrance da operación anterior, por importe de 3.503,46 €, destinado a que o Concello financie o expediente obxecto do acordo primeiro, financiadas estas modificacións có remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Padroado por importe de 27.403,46 €, en cumprimento do artigo 32 da LOEP e a disposición adicional 16.ª do TRLFL 2/2004.

TERCEIRO: Expoñer o presente acordo ao público por un período de 15 días hábiles, para que os interesados lexítimos poidan presentar as reclamacións que consideren oportunos. De non presentarse reclamacións no período de exposición pública o acordo entenderase elevado a definitivo.

DEBATE

-Sr. Villamar Díaz: bos días. Grazas Sr.alcalde. Para explicar un pouquiño o que xa se comentou na comisión pero por dar unha explicación no Pleno. Ben, pois como definitivamente ven para ser aprobado este punto, no ano pasado, no ano 2014 pois produciuse un remanente de algo máis de 3.700.000 euros dos cales e, cumprindo a lei, diferentes ratios e que aparece no Real Decreto que regula o uso destes remanentes pois finalmente van a poder usar os 3.664.592,01. Ben, o grupo de goberno tomou a decisión e este diñeiro que xa se podía ter utilizado no mandato anterior, sen embargo pareceu, ao grupo de goberno do pasado mandato, que o lóxico como ben sendo habitual, prefería que fóra o novo grupo de goberno, despois das eleccións de maio, quen decidira o uso dese remanente no, e o actual grupo de goberno o que decidiu foi precisamente eso, dedicar unha parte importante a inversión sostible, dedicar outra parte tamén a amortización de débeda, no. A primeira partida grosa que aparece aí, é a amortización de débeda que son 920.000 euros o cal vai a deixar que a débeda do Concello de Narón, a débeda bancaria, estou falando pois quede nuns niveis, estou falando, bastante baixos, en torno a un 25%, o cal é moi inferior ao 75% que podería ser legalmente, no, a finais deste ano, cando fagamos esta amortización. Outra partida importante vaina dedicar a saneamento e o saneamento que tivo digamos unha diminución na súa execución, no pasado mandato, queremos durante este goberno, e unha vez que xa a situación económica, unha vez que mellore... pois atendelo, como cremos que é necesario e polo tanto, van 600 000 euros para esta partida, concretamente para a zona dos Vicás, Sedes e O Val.

Despois hai outros 2 planes, unha é a pavimentación en rúa de servizos na zona urbana que son 900 000 euros, que é un plan que iremos concretando en función das necesidades que existen e por outro lado, hai tamén un plan de mellora de camiños rurais, que van 300 000 que sumados aos 600 000 aproximadamente que prevemos do POS pois dá tamén unha inversión de en torno aos 900 000 euros tamén nos camiños rurais.

Otra partida importante son os 717.000 euros que imos a dedicar a diferentes obras en mobles e bens municipais, no, en pavillóns polideportivos, aire acondicionado deste Concello, do local da Policía Municipal e instalacións tamén de carácter eléctrico, informático, etc. etc., hai aí unha relación pormenorizada sobre as que se van a executar. E finalmente, pois tamén en gasto corrente se van a realizar tamén 226.000, 825 que tamén aparecen aí relacionadas as actuacións que se van a facer, pois que van dende actuacións en turismo, Promoción Económica, Festas etc., etc. no. Ben, pois esta é un pouco así a explicación a groso modo, complementando tamén a explicación que se fixo na comisión, de que en que se vai investir este diñeiro. Nada máis pola miña parte.



-Sr. Casal Pita: Nesta etapa de crises, especialmente nesta comarca, con un 25% de parados, e un baixo investimento privado, creemos moi importante unha inversión que contribúa á promoción económica e a redución dos gastos, o que logo levan consigo unha maior dispoñibilidade económica.

A lei de estabilidade presupostaría e sostibilidade financeira marca para o remanente, como inversións reais prioritarias, once subgrupos dentro grupo “4.- Actuacións de carácter económico”, outras tres do grupo “160.- Benestar comunitario” e o “172.- Protección y mellora del medio ambiente”, pero vostedes esquecéronse disto.

Cando miramos as cifras que nos presentan neste expediente, con un total de 3,6 millóns de euros e as comparamos cos 1,15 millóns de euros de inversións reais (capítulo 6) do presuposto para o ano 2015, vemos a importancia deste expediente, e mais aínda si temos en conta que só parte deste presuposto é inversión propia do Concello.

Quitados uns 920.000 euros de amortización de débeda, e sumando as inversións reais para o 2015 vemos que o 50% do total empréganse en vías públicas, e un 17% a benestar comunitario, case exclusivamente no saneamento, fronte a só un 4% en actuacións de carácter económico, o que nos fai pensar, que este goberno aínda continúa emprazado na época do ladrillo, na súa versión de obra pública.

Sistemas agropecuarios, industria, enerxía, comercio, turismo, transporte, investigación científica, xestión do coñecemento, non figuran no seu repertorio, tampouco están o medio ambiente e o tratamento de residuos, e outros como a iluminación pública e unhas mal chamadas rehabilitacións aparecen como inversións, pero, sen embargo, en contra das tendencias claramente definidas pola normativa europea e nacional.

É necesario facer investimentos que permita evolucionar o Concello e temos que facer estudos e planificacións que encaixen nunha estratexia integrada para afrontar os novos retos económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais, e esta é unha esixencia da UE para optar as axudas necesarias para poder evolucionar a un Narón do século XXI.

No pouco tempo que levo no Concello teño a sensación de que en Narón non se fala de moitos temas, por exemplo:

- A Axenda 21 Local, que a pesar de que se comezou fai dous anos e medio, aínda non se alcanzou a primeira fase, deste programa que xa naceu o pasado século (1992).
- Ou o Pacto dos Alcaldes, de cara a alcanzar os obxectivos medio ambientais para o 2020.
- Tampouco dunha “Estratexia Integrada de Desenrolo Urbano Sostible”, ni de o programa URBACT III, a pesar de que xa naceu no ano 2002.
- De “Empresas de Servizos Enerxéticos”, nin de Auditorías enerxéticas.
- Das Smart Cities.
- Nin de estudos estatísticos e sociolóxicos sobre da sociedade naronesa.

Non se trata de ser punteiros, senón de aproveitar o camiño andado por outros e tratar de poñer en práctica aqueles programas que xa deron bos resultados noutros concellos similares a Narón, e nos que xa son unha realidade desde fai anos.

Creo que aos señores do BNG deberían revisar o que pon o seu programa na “Área de Economía e Emprego” para ver a cantidade de puntos que están a incumprir, algo similar podemos dicir do

PSOE e o seu apartado “Unha Cidade Emprendedora”, os de Tega escusan de mirar porque non a teñen, salvo unha mención a cursos formativos, eses que a experiencia nos di que teñen un pobre resultado.

Señores concelleiros do goberno, revisen os seus programas, están a tempo de rectificar nas súas pretensións.

Quero tamén recordarlles que a posibilidade de incrementar as inversións financeiramente sostibles nuns 220.000 euros reducindo a amortización da débeda nesta mesma cantidade, porque a experiencia de outros nos di que, desta forma, podemos obter unha maior rendibilidade.

Se o pensan ben, este dilema de amortización fronte a inversión produtiva lles recordara os reproches que os seus partidos fan contra a austeridade do PP. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: Abstencións 5

PSdeG-PSOE: A favor 2

BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: En contra 1

4 °.- PROPOSTA RELATIVA A AXUDA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DAS ARCADAS LUMINOSAS DO NADAL 2014-2015. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

O 17 de xullo a Xefa substituta do Gabinete de Alcaldía asinou un informe proposta para inclusión na orde do día da Comisión Informativa de contratación, persoal e especial de contas que literalmente di:

“ASUNTO: AXUDA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DAS ARCADAS LUMINOSAS DO NADAL 2014-2015

O concello, xunto coas AAVV que de seguido se relacionan, procederon a instalar arcadas luminosas en distintas zonas de diferentes parroquias.

Tendo en conta que logo de comprobar o Rexistro municipal de asociacións, están debidamente actualizadas e ao corrente de pagos as que se sinalan a continuación:

A.VV de Piñeiros – G-15.559.867

A.VV de A Gándara – G-15.215.080

A.VV Virxe do Mar – G-15.409.600

A.VV de Doso - G-15.461.544

A.VV de Virxe de Fátima – G-15.232.275

A.VV “Os Irmandiños”- G-15.072705

A.VV Virxe da O – G-70.229.620

En vista dos informes emitidos pola Policía Local do Concello e en orde ao número de arcadas instaladas, logo de ver que existe consignación económica suficiente na aplicación orzamentaria 33800/48001, este Técnico propón á Alcaldía a inclusión da seguinte proposta de ditame na orde do día da Comisión Informativa de contratación, persoal e especial de contas:

Primeiro.- Conceder as seguintes subvencións nominativas ás Asociacións veciñais e nas contías que de seguido se relacionan, conforme ao seguinte baremo:

- *Cantidade por arcada 114,00 €*



En orde ó baremo establecido, conceder as seguintes axudas:

A.VV de Piñeiros – G-15.559.867

56 Arcadas a 114,00 € 6.384,00 €

A.VV de A Gándara – G-15.215.080

52 Arcadas a 114,00 € 5.928,00 €

Virxe do Mar – G-15.409.600

17 Arcadas a 114,00 € 1.938,00 €

A.VV de Doso - G-15.461.544

9 Arcadas a 114,00 € 1.026,00 €

A.VV de Virxe de Fátima – G-15.232.275

19 Arcadas a 114,00 € 2.166,00 €

A.VV “Os Irmandiños”- G-15.072705

11 arcadas a 114,00 € 1.254,00 €

A.VV Virxe da O – G-70.229.620

5 Arcadas a 114,00 € 570,00 €

Segundo.- Autorizar o gasto de 19.266,00 € e ordear o pagamento da devandita cantidade ás asociacións citadas conforme ao reparto detallado no apartado anterior desta relación. O gasto será imputado á aplicación orzamentaria 33800/48001

OFICINA CONTABLE	ORGANO GESTOR	UNIDAD TRAMITADORA
LA0002628	L01150546	LA0002129

Estes importes efectuaranse previa presentación da xustificación do gasto mediante a factura correspondente.”

Unha vez emitido o informe de fiscalización favorable da Intervención deste Concello, e visto o ditame favorable por maioría da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 23/07/15 con 8 votos a favor (4 TEGA+2 PP+1 PSdeG-PSOE+1 BNG) e 1 abstención do Grupo Mixto , o seu presidente, propón ao Concello Pleno aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

DEBATE

-Sr. Casal Pita: En primeiro lugar queremos destacar que Narón se gasta uns 60.000 euros en alumeado de Nadal (37.000 a cargo do concello), que segundo o gabinete da Alcaldía e dun “indubidable interese social, polo que non se debería deixar de acometer”. Non sei si todo o mundo opinará si é xustificable gastar tantos cartos, especialmente familias sen recursos que 8 delas poderían vivir todo o ano con ese diñeiro.

Por outro lado, o tema das arcadas está a traer bastante malestar entre as asociacións, con queixas como que:

- O Concello nos empuxa a un gasto sen dicirnos en canto se vai a subvencionar,
- Ou que o Concello se financia a costa das asociacións porque chegou agosto e aínda non cobraron as subvencións prometidas,

- Se poñen moitas trabas administrativas que inicialmente non se formulaban,
- Que se xera desigualdade entre asociacións xa que algunha non ten que poñer o alumeado, outras só se poden permitir 4 arcadas mentres algunhas poñen ata 67.
- Ou que algún ano deixaron a algunha asociación “colgada” cunha débeda de 4.000 euros.

Curiosamente, tamén din que cando mellor se facían estas cousas era cando se fixo cargo delas una concelleira do PP.

Por outro lado, non vemos correcto que o expediente non informe do motivo de porque asociacións que, habendo posto o alumeado e solicitado a axuda, parece que non se lles concede. Entendemos que deberíase de facer constar unha axuda de 0 euros e o motivo desta asignación.

Dende Eliximos pensamos que este tipo de adorno ten un limitado beneficio socioeconómico sobre o municipio, e non e directamente proporcional o número de arcadas e, por outra parte, acentúan as diferenzas entre as distintas zoas do concello, polo que propoñemos que para a próxima convocatoria:

- se fixen uns límites en base a uns criterios que se poidan acordar coas Asociacións sobre do número de arcadas a colocar en cada zona,
- Que o goberno negocie un bo prezo para todo o Concello,
- Aínda que, a maiores, as asociacións que así o queiran poidan poñer arcadas adicionais aportando o 100% dos cartos, ao prezo negociado polo Concello.

No referente a esta votación, dicir que o faremos afirmativamente porque entendemos que a estas alturas negarlles os cartos podería ser, nalgúns casos, un duro golpe para a economía das asociacións.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 °.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DAS BONIFICACIÓNS DAS TAXAS MUNICIPAIS DA REDE DE SUMIDOIROS, SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE E RECOLLIDA DE REFUGALLOS SÓLIDOS URBANOS CORRESPONDENTES AO ANO 2015..

- Lida polo secretario xeral a proposta que di así: *A xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 16-7-2015 emitiu o informe con proposta a Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, documento SSOZ0P1, que textualmente di:*

“ASUNTO: Aprobación da bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos correspondentes o ano 2015.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que subscribe, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta á comisión informativa de contratación, persoal e especial de contas:

ANTECEDENTES:

O Servizo Sociocomunitario Municipal do Concello de Narón desenvolve o programa de *bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos*, que contempla no regulamento de axudas económicas distintas axudas destinadas a paliar ou resolver situacións de emerxencia socials persoas que carezan de recursos económicos persoais suficientes para a atención das súas necesidades básicas.

Entre estas axudas se contemplan a bonificación de fornecemento de auga, lixo e redes de sumidoiros de forma que reguladas de forma complementaria no artigo 5 da ordenanza fiscal número 9 reguladora da taxa suministradora de auga potable.

O prazo da convocatoria anual para o ano 2015 foi do 2 a 31 de xaneiro

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros.
 - Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga potable.
 - Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de refugallos sólidos urbanos.
 - Regulamento de axudas Financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do concello de Narón.
- Vistas as solicitudes formuladas para a *bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos*, visto o reflectido nas ordenanzas fiscais, así como os informes que constan no expediente, e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 23/07/15, o seu presidente propón ao Concello Pleno a aprobación dos acordos seguintes:
- 1º Aprobar as seguintes concesións que reunen os requisitos de capacidade económica e demais establecidos no artigo 5.2 da ordenanza fiscal:

NIF	APELIDOS E NOME SOLICITANTE	ENDEREZO	PROPONSE
32693352W	ABELLEIRA IGLESIAS, LIDIA	Rúa As Pontes, 2-4, 1º izda.	APROBAR
X5915331F	ADASCALITEI, CORNELIA	Rúa Lugo, 52, 1º izda.	APROBAR
32403187M	AMADO LÓPEZ, MARÍA	Rúa María Pita, 29, 2º	APROBAR
32620392K	AMENEIROS RODRÍGUEZ, FERNANDO	Estrada da Gándara, 73, 1º	APROBAR
32600454R	AMENEIROS VILLADÓNIGA, JESÚS	Rúa Coruña, 21, 1º D	APROBAR
32683123P	ANCA RODRÍGUEZ, BEGOÑA	Rúa Neda, 5, 2º	APROBAR
32473138J	ANIDOS ROBLES, Mª BENILDE	Avda. Sta. Icíá, 15-17, 1º D	APROBAR
32645828L	ARES LODEIRO, Mª JESÚS	Rúa Martín Codax, 5, 2º A	APROBAR
76397060F	ARRIVÍ PITA, SANTIAGO	Rúa Ponte de Leixa, 1, 2º izda.	APROBAR
32693833T	BECEIRO DA SILVA, MARÍA JESÚS	Rúa Pena Molexa, 1, 3º dcha.	APROBAR
X3758641G	BELKISS, FÁTIMA	Rúa Bergantiños, 9, 3º	APROBAR
X7621066Q	BENHEDDA, LAKBIR	Rúa Cabanas, 4, 3º	APROBAR
76416719R	BLANCO RAMALLO, VERÓNICA	Rúa Cadaval, 38, 3º K	APROBAR

32598928Q	BOUZA BECEIRO, JOSÉ MANUEL	Rúa Areosa, 26	APROBAR
32613871D	BOUZAMAYOR BOUZA, ROSARIO	Rúa Lugo, 49, 1º interior	APROBAR
32664060N	BUSTABAD BAHAMONDE, MANUELA	Rúa Río Xuvia, 3, 5º dcha., Vivendas do Bispo	APROBAR
32598728T	CADAVID FLUXÁ, RAFAEL	Rúa Finca Dopico, 16, 1º	APROBAR
32703868F	CAMACHO SALAZAR, MARCOS	Estrada da Igrexa, 6	APROBAR
05290282Y	CANEIRO BOUZAMAYOR, VANESA	Rúa Francisco Quevedo, 1, 1º	APROBAR
32721221H	CANOSA FLORES, MARISOL	Rúa Telleiras, 3, portal 1, baixo A	APROBAR
32544240E	CARBALLAL DÍAZ, LUISA	Lugar Areosa, 19	APROBAR
32685146F	CARTELLE GONZÁLEZ, SOFÍA MARÍA	Rúa Pontevedra, 2- 4, 1º G	APROBAR
32693682X	CASTRILLÓN BECEIRO, CRISTINA	Rúa Alfonso X O Sabio, 1-3, 1º izda.	APROBAR
32704675D	CASTRO CALVO, ERIKA	Rúa Cristobal Colón, 28, 2º A	APROBAR
32605456N	CASTRO GUERREIRO, MANUEL	Lugar Agrande, 1 izda. - Castro	APROBAR
32634817W	CASTRO LUACES, ANA Mª	Rúa A Garda, 2, portal 6, 7º B	APROBAR
32633928X	CEBREIRO BEJAR, MANUEL ÁNGEL	Rúa Illa de Sálvora, 5, baixo izda.	APROBAR
32461656P	CHEDAS GONZÁLEZ, JUAN	Rúa Lugo, 47, baixo	APROBAR
32717944F	MUIÑOS RODRÍGUEZ, JESSIKA	Rúa Calderón de la Barca, 2, 3º izda.	APROBAR



32706130S	CIBREIRO FACHAL, Mª VANESA	Rúa Manuel Murgía, 20, 3º	APROBAR
X7749276R	CIOTU, IONELA	Rúa Telleiras, 3, 2º A	APROBAR
32608529A	CORTÉS TODOSANTOS, MARINA	Rúa Ponte das Cabras, 2, 4º A	APROBAR
32705063Y	DÍAZ DÍAZ, MARÍA DÉVORA	Rúa Joaquín Bruquetas, 37, 2º B	APROBAR
32629351X	DÍAZ GARCÍA, MONTSERRAT	Rúa Reis Magos, 13, 2º	APROBAR
32644152E	DÍAZ LÓPEZ, MANUELA NIEVES	Rúa Domirón, 9, 2º	APROBAR
32666524S	DÍAZ RIVAS, MARÍA FERNANDA	Rúa Illa de Tambo, 3, baixo izda.	APROBAR
32667618M	DÍAZ ROCA, Mª BELÉN	Rúa Chantado, 1-3, 3º izda.	APROBAR
01326966G	DÍEZ BARRAGÁN, JOSÉ ANTONIO	Rúa Espronceda, 3- 5, 2º A	APROBAR
32692360E	DOMINGO DÍAZ, CAROLINA	Rúa Cerrallón de Arriba, 78, 3º C	APROBAR
32698513B	DOPICO REQUEIJO, ANA	Rúa San Xoán, 10, 3º izda.	APROBAR
52440231R	DOPICO VIDAL, Mª CONCEPCIÓN	Rúa Río Landro, 4, 2º izda.	APROBAR
X7689013K	DOURADO DO NASCIMENTO, REGIANE	Rúa Cerrallón de Abaixo, 14, baixo	APROBAR
32650831P	DURÁN BELLÓN, MARÍA JESÚS	Rúa Amenadás, 17	APROBAR
X8244979P	EL MOUSSAQUI, BRAHIM	Rúa Losada Dieguez, 5, 1 B	APROBAR

32648869R	ESTÉVEZ LEDO, JAVIER	Rúa Losada Dieguez, 15, 3º dcha.	APROBAR
32621536S	FERNÁNDEZ GARCÍA, JUAN RAMÓN	Rúa Lugo, 1, 2º	APROBAR
32691073T	FERNÁNDEZ GARCÍA, MÓNICA MARÍA	Rúa Lope de Vega, 3	APROBAR
76404072G	FERNÁNDEZ HERMIDA, Mª ÁNGELA	Rúa Miño, 21, 1º dcha.	APROBAR
32650134R	FERNÁNDEZ LAGOA, JOSÉ MARCIAL	Rúa Cardenal Cisneros, 65- 67, 3º B	APROBAR
76401553S	FERNÁNDEZ LÓPEZ, LAURA	Rúa Francisco Pizarro, 21-23, 2º A	APROBAR
32550253D	FERNÁNDEZ VARELA, OLGA	Rúa Cambre, 20, 1º izda.	APROBAR
35322776C	FONTENLA ALONSO, JOSÉ MANUEL	Estrada de Castela, 963, 2º D	APROBAR
32658284D	FREIRE RICO, SILVIA	Estrada de Cedeira, 3, 2º B	APROBAR
33331665L	GARCÍA CORTIÑAS, MIGUEL	Rúa Río Xuvia, 1, 2º C	APROBAR
32630242G	GARCÍA MARTÍN, Mª JOSÉ	Avda. da Solaina, 5-7, 4º izda.	APROBAR
32694024F	GARCÍA PENEDO, RAQUEL	Estrada de Castela, 626, 4º B	APROBAR
32615429A	GARCÍA PICADO, JUAN BOSCO	Rúa Wenceslao Fernández Flórez, 23, 2º	APROBAR
32676069S	GARCÍA TEIJEIRO, SUSANA	Rúa Foro, 9-11, 2º A	APROBAR
32676774F	GÓMEZ HORMIGO, YOLANDA	Rúa Luis Pimentel, 22, baixo izda.	APROBAR
32626779Z	GÓMEZ REY, Mª DOLORES	Rúa Río Salgueiro, 2, baixo D	APROBAR
76418066Z	GÓMEZ VIDAL, ANA BELÉN	Rúa Cambre, 9- 11, 1º D	APROBAR



00903667C	GONZÁLES DE LA FUENTE, MIGUEL	Rúa Telleiras, 3, 4º izda.	APROBAR
32633563J	GONZÁLEZ ABELEIRA, JUAN EVARISTO	Rúa Obispo Argalla Goicoechea, 27, 5º izda.	APROBAR
32594565T	GONZÁLEZ IGLESIAS, MARGARITA	Rúa La Paz, 24, 1º	APROBAR
32636813C	GRANDAL VIZOSO, JOSÉ MANUEL	Rúa Alexandre Bóveda, 5, 4º D	APROBAR
32671273A	GRIMALDOS HERMIDA, MERCEDES	Rúa Estación, 13, baixo	APROBAR
32681265J	GUTIERREZ RODRÍGUEZ, ALMUDENA M	Rúa Ferrolana, 3, 2º A	APROBAR
32710294Q	IGLESIAS LÓPEZ, JÉSICA MARÍA	Rúa Alfonso X O Sabio, 12, 3º B	APROBAR
32637475S	IÑIGUEZ FERNÁNDEZ, AMANDO	Estrada do Feal, 3, 3º dcha.	APROBAR
32702296E	IZQUIERDO RODRÍGUEZ, VANESA	Estrada de Castela, 361, 3º izda.	APROBAR
32622855T	JORGE LAGO, GLORIA	Camiño do Pino, 16, baixo	APROBAR
32686754M	LAGE ROMALDE, BEGOÑA	Carmiño Barcia, 34 - San Mateo	APROBAR
32585553G	LAGO LOIS, MARÍA DEL CARMEN	Rúa Francisco Pizarro, 13-15, 3º A	APROBAR
32635325G	LAMAS REY, JULIA	O Souto, nº 5, Faisca	APROBAR
32654595T	LÁZARO MONTES, CARMEN	Rúa Cerrallón, 31-33, 4º D	APROBAR
20191299J	LEÓN VÁZQUEZ, JOSÉ ANTONIO	Rúa Estación, 13, 2º	APROBAR

32676872J	LÓPEZ CASTIÑEIRA, ANA BELÉN	Rúa Álvaro cunqueiro, 16, 1º A	APROBAR
32646480G	LÓPEZ CASTRO, ANA MARÍA	Rúa Joaquín Bruquetas, 47, 1º	APROBAR
32634760Z	LÓPEZ DOCE, LUIS	Avda. A Solaina, 39-41, 3º C	APROBAR
76413146Q	LÓPEZ FORMOSO, MARIA LUISA	Rúa Río Inxerto, 3, 2º dcha.	APROBAR
32635911S	LÓPEZ MEIZOSO, MARÍA DEL MAR	Estrada de Castela, 417- 419, 4º A	APROBAR
32715227G	LÓPEZ NAVEIRAS, PAMELA	Rúa Paz, 16, 2º	APROBAR
32604963W	LÓPEZ REGUEIRA, FILOMENA	Rúa da Veiga, 5, 1º	APROBAR
32673521C	LÓPEZ RIVEIRA, MONTSERRAT	Rúa Pintor Sotomaior, 6-8, 1º izda.	APROBAR
32679855Y	LÓPEZ SANDOMINGO, PAULA	Rúa O Grove, 1, 2º E	APROBAR
32458405T	LORENZO LUACES, DOLORES	Fonte da Cruz, portal C, 3º izda.	APROBAR
08833228D	MACHO HERNÁNDEZ, DIEGO	Rúa Río Pereiro, 2, 2º izda.	APROBAR
32653938X	MÁRQUEZ LÓPEZ, Mª BEGOÑA	Rúa Bispo Xelmirez, 2, 1º izda.	APROBAR
76404187G	MARTÍNEZ CÁLIZ, JOSÉ LUIS	Praza de Galicia, 1-7, 3º F	APROBAR
32708595L	MARTÍNEZ DÍAZ, ADRIÁN	Estrada de Castela, 263, 4º	APROBAR
32677036Q	MARTÍNEZ NIETO, JOSÉ ANTONIO	Avda. Rafael Bárez, 2, 2º A	APROBAR
32604897M	MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, ROSARIO	Rúa Méndez Núñez, 14, baixo	APROBAR
32592927H	MERA TUIMIL, JOSEFA	Rúa Fonte da Cruz, 26, baixo	APROBAR
X7112797R	MONTEIRO, FERNANDA	Rúa Souto Vizoso, 62, 3º	APROBAR



71527854Q	MONTERO ALCÁNTARA, NATIVIDAD	Rúa García Sabell, 23, 4º F	APROBAR
34893045K	MOURELLE PEDREIRA, ELSA	Rúa Telleiras, 3, portal, 2, baixo A	APROBAR
32673335H	NOVO PORTO, ALEJANDRA	Avda. Sta. Icíá, 97, 4º	APROBAR
32916223A	NTUTUMU ANGUE, VICTORIA ABAGA	Rúa Ourense, 11, 2º G	APROBAR
32694611L	NÚÑEZ AMENEDO, MARÍA BELÉN	Rúa Ferrol, 38, 1º izda.	APROBAR
32629698N	OTI RIOS, JUAN MARÍA	Rúa Illa de Tambo, 9, 2º dcha.	APROBAR
33854762G	PALMEIRO CARTAGENA, JUAN JESÚS	Rúa Pintor Soutomayor, 29, baixo	APROBAR
33995279Z	PALMEIRO URIBE, ANDREA CAROLINA	Estrada da Gándara, 72, 2º E	APROBAR
33995280S	PALMEIRO URIBE, LUIS FREIRE	Estrada da Gándara, 72, 2º dcha.	APROBAR
32652918W	PANTÍN PÉREZ, AUREA	Rúa Roncesvalles, 5-7, 2º izda.	APROBAR
32388646T	PARDO LÓPEZ, MARÍA	Rúa Ramón Cabanillas, 22, 3º C	APROBAR
33803280L	PAREDES PIÑÓN, MARISOL	Estrada de Cedeira, 2, 2º B	APROBAR
76378680G	PAZ LEIRACHÁ, ANTONIO	Lugar Pradelo, 16 - O Val	APROBAR
32635361V	PAZOS VILELA, ANGELA Mª	Rúa Lópe de Vega, 14, 1º	APROBAR
14865258J	PEINADO ALCALDE, NATIVIDAD	Rúa Wenceslao Fernández Flórez, 24, 2º	APROBAR

76406284P	PENA INSUA, BERTA	Rúa Río de Cortés, 12 - O Val	APROBAR
32696007N	PENABAD REGO, PAULA	Rúa Manuel de Cal, 18, 1º	APROBAR
32655265A	PEÑA CANEIRO, MARÍA TERESA	Urbanización Fonte da Cruz, A, 3º C	APROBAR
32658669A	PÉREZ COUCEIRO, LIDIA	Praza de Galicia, 7, 2º D	APROBAR
32634599Z	PÉREZ FERNÁNDEZ, CARLOS ALBERTO	Rúa Paraiso, 16, 1º	APROBAR
76350541V	PÉREZ MUIÑO, CARMEN	Rúa Alexandre Bóveda, 8, 2º A	APROBAR
76388290T	PIÑEIRO SÁEZ, JACINTO	Rúa Wenceslao Fernández Flórez, 7, 1º	APROBAR
32704246V	PIÑÓN CASTRO, MONSERRAT	Rúa Luis Pimentel, 10, 1º	APROBAR
32561505Z	PIÑÓN DÍAZ, MARÍA DEL ROSARIO	Rúa Río Masma, 7, baixo izda.	APROBAR
32644711Y	PITA LÓPEZ, ISOLINA	Lugar Pradedo, 14 - O Val	APROBAR
X6167868G	PREDESCU, CHIVUTA CECILIA	Rúa Wenceslao Fernández Flórez, 7, 3º	APROBAR

2ºDenegar as seguintes solicitudes por non reunir os requisitos que constan como motivo en cada caso:

NIF	APELIDOS E NOME SOLICITANTE	ENDEREZO	PROPONSE	MOTIVO
32682706M	ALONSO NOYA, IRIA	Rúa Somozas, 34, 1º	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32672105F	ALVÁREZ FELPEO, FRANCISCO JAVIER	Rúa Illa de Tambo, 6, 3º dcha.	DENEGAR	NON DADO DE ALTA
32676902C	ALVÁREZ FERNÁNDEZ, BLANCA Mª	Rúa Foro, 34, 5º A	DENEGAR	SUPERA INGRESOS



32676163V	ÁLVAREZ SILVAR, ROSA ANA	Rúa Méndez Núñez, 22, 3º izda.	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
X3630382Q	ALVES OLIVEIRA, SOLANGE	Rúa Cerrallón de Abaixo, 72, baixo A	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA E < 6 MESES PADRÓN
32703496A	ANEIROS GONZÁLEZ, Mª BELÉN	Rúa Reis Católicos, 2, 2º	DENEGAR	FALTA DOCUMENTACIÓN
32560892E	ANIDO PÉREZ, ELENA	Rúa Concepción Arenal, 108, 2º D	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32740887L	AYALA OLGUIN, VICTOR	Avda. Souto Vizoso, 62, 2º	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA E FALTA DOCUMENTACIÓN
32660349G	BOUZA REY, Mª CARMEN	Estrada da Gándara, 33-35, 1º B	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32602474C	BRA FERREÑO, Mª TERESA	Rúa Ourense, 11-13, 2º izda.	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32695486C	CABEIRO MENGIBAR, DAVID	Rúa López Ferreiro, 5º B	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA
32695836W	CABEIRO MENGIBAR, MIGUEL ÁNGEL	Rúa Finca de Dopico, 11, 4º	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA
32638483B	CALVO GIL, MARIA DOLORES	Estrada de Castela, 384- 386, 3º A	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
52440380N	CAMACHO GABARRES, ELENA	Rúa Roncesvalles, 21, 2º D	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA
32671323F	CAMIÑO DEL VALLE, CARLOS	Rúa Ourense, 22-24, 1º A	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
79319956V	CAO BOEDO, OSCAR	Rúa Mugarbos, 36-38, 1º izda.	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
32669394X	CARRASCO SOLERA, CARLOS	Rúa Chantado, 1-3, 3º dcha.	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA
32633492B	CARREIRA ROMAY, Mª TERESA	Rúa Vintecinco de xullo, 25, 2º D	DENEGAR	SUPERA INGRESOS

36576312X	CARTELLE LAMA, MARÍA	Rúa Santiago, 10, 2º izda.	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32614990R	CASTIÑEIRA REY, JOSÉ	Rúa Vilar Ponte, 15, 1º	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
76397528S	CASTRO ALONSO, CARLOS MANUEL	Rúa finca Federico, 6-8, 3º A	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32601615N	CASTRO DEL RÍO, JOSÉ LUIS	Lugar Pradado 10, O Val	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA E NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32631614L	CASTRO GÓMEZ, MANUELA	Pedreira, 2, O Val	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA
32646887C	CASTRO NODAR, JOSÉ MANUEL	Lugar A Pedreira, 34 - O Val	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
X3624580X	CONTRERAS LLANOS, LUIS ARNOLDO	Rúa Cabañas, 4, 2º	DENEGAR	DÉBEDAS COSMA
32637644T	CORREDOIRA ABAL, CARMEN	Avda. da Solaina, 18-20, 1º dcha.	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32605870N	COSTA PENABAD, SATURNINA JOSEFA	Camiño Piño, 33, 1º izda.	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32720057G	DE OLIVEIRA VEIGA, IARA	Estrada de Castela, 130, 4º	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
32667819E	DELGADO GONZÁLEZ, MÓNICA	Rúa Obispo Argaya Goicoechea, 4, 3º D	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32502695S	DÍAZ DÍAZ, MARÍA	Avda. Sta. Icí, 44, 1º	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32649382P	DÍAZ FILGUEIRA, ELENA	Rúa Santa Tecla, 2-4, 2º D	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
52440252E	DÍAZ GONZÁLEZ, CARMEN Mª	Rúa Linares Rivas, 14, 2º	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32612160T	DÍAZ GUTIERREZ, ANA MARÍA	Lugar Agrande, 20 - Castro	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32630337F	DÍAZ MARTÍNEZ, LEANDRO	Rua Cambre, 25, 5º C	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32637684V	FERNÁNDEZ AGUIRRE, JUAN ANTONIO	Viviendas San Clemente, nº 5, baixo dcha.	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA E < 6 MESES PADRÓN



32657576Z	FERNÁNDEZ BELLÓN, JUAN CARLOS	Rúa Estrela, 4, 2º izda.	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
32671752E	FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, ALBA MARÍA	Carabuchal, 6 - San Mateo	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32656859X	FERNÁNDEZ HERMIDA, JOSÉ ÁNGEL	Estrada de Castela, 675, 2º	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32612631b	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, HORTENSIA	Rúa Xoán Viqueira, 6, 1º D	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32649416L	FERNÁNDEZ PITA, ROBERTO	Rúa Maestro Mateo, 35, 4º izda.	DESESTIMAR	
76379291V	FERNÁNDEZ SABÍN, JOSEFA LEONIDES	Rúa Río Bello, 5 - Pedroso	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32707715J	FERREIRO TORRENTE, NATALIA	Rúa Río Masma, 13, 1º izda.	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32740830P	FLORES CABANILLAS, ARMANDO	Estrada da Gándara, 70, 3º B	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32650769S	FRAGA ANEIROS, PILAR	Rúa Cristobal Colón, 38, 1º	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32672214R	FRAGA BASOA, SARA CRISTINA	Rúa Tuy, 16, 2º A	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32674558E	FRAGA GARCÍA, JESÚS ÁNGEL	Rúa Eduardo Torrente Ballester, 17, 3º	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32676551Z	FRAGA MIJEZ, ANABEL	Rúa Camino do Pino, 82, 6º K	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
33751384B	FRAGA PÉREZ, EULOGIO	Rúa Alfonso X O Sabio	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32645661J	FREIRE LÓPEZ, Mª CARMEN	Estrada de Castela, 576, 4º C	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)E AXUDAS / SUPERA INGRESOS
32701997E	GARCÍA CORTÉS, MARÍA ISABEL	Rúa Río Masma, 4, 1º	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
02605981N	GARCÍA RUÍZ, ENRIQUE MANUEL	Rúa Vigo, 16-18, 4º A	DENEGAR	SUPERA INGRESOS

32690891W	GARCÍA TEIJEIRO, PAULA	Rúa Rosal, 46, P-2, 3º F	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
32655467K	GARCÍA VARELA, EVA	Estrada de Castela, 488, 3º D	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
12733999A	GARROTE SÁNCHEZ- ORTIZ, Mª JESÚS	Rúa A Garda, 2, 2º D	DENEGAR	INCUMPRIMENTO DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS
32680742L	GIMÉNEZ GIMÉNEZ, ROSARIO	Lugar Eirexa, 6 - San Xiao	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
32613708F	GÓMEZ PIÑÓN, JOSÉ	Lugar Pradedo, 14 - O Val	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32672856E	GÓMEZ RODRÍGUEZ, BEGOÑA	Rúa San Benigno, 3, 3º C	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32714357P	GONZÁLEZ FONTAO, ARANCHA	Rúa Chantado, 1-3, 2º izda.	DENEGAR	NON APORTOU TODA A DOCUMENTACIÓN REQUERIDA
48113322J	GONZÁLEZ GARCÍA, LUIS ALEJANDRO	Rúa Hortiña, 6- 8, 1º izda.	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA NO PERIODO DE SOLICITUDE
32715461P	GONZÁLEZ LÓPEZ, CAROLINA	Rúa Cambre, 14-16, 2º D	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32587434E	GRANDAL PAZOS, AMALIA	Rúa Garda Civil, 8, 1º	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32649164C	GUNDÍN LAMIGUEIRO, FRANCISCO	Rúa Luis Amado, 9-11, 4º B	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
33838775W	HERMIDA BLANCO, GLORIA JOSEFA	Praza de Galicia, 2-14, 3º D	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32717872G	JIMÉNEZ BORJA, ISABEL	Rúa Telleiras, P- 3, 1º A - Xuvia	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32680639P	LAMAS LÓPEZ, Mª DEL CARMEN	Urbanización Ponte da Cruz, 1, 2º dcha.	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32704615H	LÓPEZ FUNCASTA, AZAHARA Mª	Rúa María Pita, 22-25, 3º izda.	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
17748358V	LÓPEZ FUNCASTA, Mª SONIA	Estrada de Castela, 289, 1º C	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32633014Q	LÓPEZ LAGO, JUAN MANUEL	Rúa Calvario, 26 - San Mateo	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)



32671616R	LÓPEZ PERNAS, ESTHER	Rúa Illa Sálvora, 5, 1º izda.	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32624208L	LÓPEZ RODRÍGUEZ, FRANCISCO	Rúa 10 de Marzo, 1, 2º C	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32347921P	LÓPEZ VALIÑA, GENEROSA	Rúa Concepción Arenal, 1, 3º izda.	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32462480G	LORENZO LORENZO, JOSEFA	Rúa Finca de Federico, 28, baixo	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32705838E	MARCOS LORENZO, LUCÍA	Rúa Méndez Núñez, 8-10, entrlo. A	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32630879C	MARTÍNEZ NEBRIL, Mª PILAR	Rúa Pardo Bazán, 3, 1º	DENEGAR	FORA DE PRAZO
32576098W	MARTÍNEZ PLATAS, CELSA	Rúa Concepción Arenal, 108, baixo dcha.	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32624914N	MEIZOSO LÓPEZ, PILAR	Rúa Illa de Arousa, 4, baixo dcha.	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
76344836Q	MÍGUEZ NOVO, Mª CONCEPCIÓN	Rúa Cristobal Colón, 22, 2º	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32664761T	MOMÁN CABARCOS, MARÍA JOSÉ	Rúa Xaquín Bruquetas, 77, 1º	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32593979N	MONTERO CASTRO, JOSÉ LUIS	Rúa Pontevedra, 2-4, letra G, escalera D, 2º	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32685750J	MONTERO GONZÁLEZ, GEMA	Rúa Bailén, 13, 2º	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
X7634793N	MOUZOUN, AHMED	Rúa Wenceslao Fernández Florez, 29, 1º	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA
32680594D	MUIÑOS LAGO, CRISTINA	Rúa Nicasio Pérez López, 2-4, 3º C	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32915516D	NIKOGHOSYAN NIKOGHOSYAN, NARINE	Rúa Pardo Bazán, 1, 2º	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA

32633803T	NORES RODRÍGUEZ, M ^a JOSÉ	Bardas, 3, O Val	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32657720C	NOVO PORTO, FRANCISCO JAVIER	Rúa Martín Codax, 5, entrlo. A	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32680592F	OROSA CALVO, JUAN	Rúa San Xosé Obreiro, 54-52, 1 ^o dcha.	DENEGAR	SUPERA INGRESOS
32657277Z	PATO PIÑEIRO, MARÍA REYES	Rúa Lópe de Vega, 5, 2 ^o	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
76404593L	PAZOS DÍAZ, JOSEFA	Estrada de Castela, 453-455, 4 ^o A	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32690503M	PÉREZ VILLAVERDE, EVARISTO	Estrada de Castela, 963, 1 ^o izda.	DENEGAR	NON FIGURA COMO TITULAR NIN PAGADOR
32523932T	PIÑÓN ULFE, M ^a BERTA	Rúa Río Miño, 6-8, 1 ^o D	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32662252K	PITA SUÁREZ, M ^a BEATRIZ	Rúa Tuy, 18, 3 ^o D	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32722392Q	POLO PARDO, BEATRIZ ROSARIO	Rúa Virxe de Covadonga, 13-15, 1 ^o F	DENEGAR	NON CARECER DE RECURSOS SUFICIENTES (ART. 2.1 REGULAMENTO)
32711394N	POLO PARDO, PEDRO L.	Rúa Tuy, 24, 1 ^o A	DENEGAR	DÉBEDAS EN COSMA

DEBATE

-Sr.Casal Pita: Debemos decir que vemos correcta a axuda ás familias máis necesitadas, pero que entendemos que o verdadeiro problema que están a ter as familias en xeral é que as taxas castigan as vivendas con máis membros, e precisamente son estas normalmente as que teñen menos renda per cápita, ben sexan familias numerosas ou familias con varias xeracións que se xuntan precisamente para poder facer fronte as dificultades económicas.

Se consideramos o consumo medio en Galicia en 2012, que foi de 12,23 m³ por habitante e trimestre, o custo por consumo para un membro de unha vivenda de 5 persoas e de 8,8 veces o custo para outro de unha vivenda de 2 persoas (7,2 veces para o caso do saneamento). Si temos en conta a parte fixa do recibo, é dicir, a cota de servizo, a relación pasan a ser de 2,3 veces o custo por persoa nunha vivenda de 5 habitantes fronte os de outra de 3 (2 veces para o saneamento).

Chegamos a ter a triste e ridícula situación de que a unha vivenda de 6 persoas, nas condicións comentadas, pagaría 510,17 euros o ano por auga e sumidoiros, mentres que se instala dous contadores en paralelo e paga dous recibos, a pesar de pagar dúas veces as cotas fixas de servizo, tería que afrontar un custo total de 239,73 euros, e por tanto aforraría 270,44 euros o ano (o 53% do recibo). Os descontos que hoxe estamos a aprobar non cambian esta clara discriminación.

Xa non quero falar aquí de outras cousas pouco xustas



-O Sr. Alcalde di: perdoa Alfonso, que te interrumpa. Estamos falando no punto de bonificacións, que ti estás falando no punto de taxas. Rógoxe que te adaptes ás bonificacións exclusivamente, vale?

Ese será outro debate que traeremos ao Pleno cando toque aprobar as taxas que se refiran a todo eso, de acordo?

-Sr. Casal Pita: De acordo. Simplemente, para acabar, dicir que as bonificacións son unha axuda, pero bueno, marcan unha clara discriminación entre o número de habitantes de cada vivenda. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 °.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DE VARIOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS, CON DIFERENTES CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE NARÓN.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: “De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións do concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto fórmase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

O Concello de Narón a través do Padroado de Deportes ten entre os seus obxectivos a promoción da práctica deportiva e o establecemento de relacións de cooperación con todas as entidades existentes no Concello co fin de potenciar o desenvolvemento de diferentes actividades deportivas. Con este fin, o Concelleiro de Deportes, considera oportuno levar a cabo Convenios de colaboración con diferentes Clubs do municipio, para a organización de eventos no segundo semestre do presente ano.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Normativa de aplicación: Segundo o Informe Xurídico que se emitirá para cada un dos eventos.

C) INFORME-PROPOSTA

En base ao exposto, propónse á Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, o seguinte :

*** Modificar o anexo de transferencias nominativas do orzamento, para aprobar as cantidades que mais abaixo se relacionan, de xeito que se incrementen as cantidades iniciais (Partida orzamentaria 10-34100-48000)**

Club ou Entidade Deportiva	Actividade	Cantidade Inicial	Cantidade a incrementar	CIF
Club Arco Narón	Tiro con Arco	17.000,00	1.500,00	G-15798846
A.D.Naútico Narón	Natación	21.000,00	1.000,00	G-15218316
Club Acordes Narón	Ximnasia Rítmica	15.000,00	2.500,00	G-15499692

<i>Club Narón Volea</i>	<i>Voleibol</i>	<i>6.000,00</i>	<i>1.000,00</i>	<i>G-70224605</i>
<i>Club Tenis de Mesa C.de Narón</i>	<i>Tenis de Mesa</i>	<i>7.000,00</i>	<i>1.000,00</i>	<i>G-15892946</i>
<i>Asociación Deportiva Dardeiros Galegos</i>	<i>Dardos</i>	<i>0.00</i>	<i>1.000,00</i>	<i>G-70383112</i>
<i>Club Cidade de Narón</i>	<i>Futbol Sala</i>	<i>70.000,00</i>	<i>2.000,00</i>	<i>G-70054705</i>

Non obstante, a Comisión adoptará o acordo que estime máis oportuno.”

Unha vez visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 22 de xullo, onde se informa favorablemente a citada proposta, e visto o ditame favorable por maioría da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 23/07/15 con 6 votos a favor (4 TEGA+1 BNG+1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións (2 PP+ 1 GRUPO MIXTO) o seu presidente, propón ao Concello Pleno a aprobación da proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: A favor 5

PSdeG-PSOE: A favor 2

BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: Abstención 1

7 °.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE DOUS CONCELLOS (ENTRE OS PROPOSTOS POLA DELEGACIÓN DO MINISTERIO DE FACENDA E ADMONS.PÚBLICAS) PARA REPRESENTARNOS NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA..

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o escrito remitido pola Delegación de Economía e Facenda de Galicia no que se solicita, en aplicación da Orde de Economía y Hacienda de 26 de julio de 2007 (BOE de 4 de agosto) pola que se establece o procedemento de designación de los representantes locais en diversos órganos colexiados, a remisión dunha comunicación deste Concello designando a dous Concellos aos que se outorga o voto do Concello de Narón no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

E visto o ditame favorable, por unanimidade, da Xunta de Portavoces de data 27-07-15, esta Alcaldía propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Outorgar o voto do Concello de Narón aos Concellos de Ferrol e Oleiros.

SEGUNDO.- Así comunicarllo á Delegación aos efectos oportunos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS ANO 2016.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a comunicación remitida pola Xefatura Provincial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Rexistro entrada 12.195 de 27 de xullo de 2015, na que se solicita que por parte deste concello se proceda á determinación dos días de festas locais para o ano 2016, e a remisión do acordo plenario a aquela antes do 30 de setembro do ano que está a correr, e visto o ditame favorable por maioría da Xunta de Portavoces de data 27/07/15 con 1 abstención do PP e o resto dos votos a favor (2 TEGA +1 BNG+ 1 PSdeG-PSOE+ 1 GRUPO MIXTO), esta Alcaldía propón ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- Fixar como festas locais do Concello de Narón para o ano 2016 os seguintes días:

- 23 de novembro Día de Narón



- 10 de febreiroMércores de Cinza.

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo á Xefatura Provincial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar para os efectos oportunos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: Abstencións 5

PSdeG-PSOE: A favor 2

BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1

9 °.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO INFORME DE ESTABILIDADE DA LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS 2014. - O Alcalde-Presidente da conta ao Concello Pleno do informe emitido polo Interventor Xeral relativo á corrección dun erro material no informe de avaliación do cumprimento da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, formulado con motivo da liquidación dos Orzamentos Xerais do Concello de Narón do exercicio 2014.

O Concello Pleno, deuse por enterado.

10 °.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMONS. PUBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ART.16 DA ORDEN HAP/2105/2012. -

LIQUIDACIÓN 2014

AO CONCELLO PLENO

O Interventor Xeral da conta ao Concello Pleno da información comunicada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do establecido no art. 16 da orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, correspondente á liquidación do exercicio 2014, efectuada por esta Intervención (art. 4.1.b) utilizando os medios electrónicos e formularios do sistema habilitado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (art. 5.1).

Narón, 04 de xuño de 2015

O INTERVENTOR XERAL

Asdo: Vicente José Calvo del Castillo

O Concello Pleno, deuse por enterado.

11 °.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO MUNICIPAL (EU) RELATIVA A DECLARACIÓN DESTE MUNICIPIO CONTRARIO A APLICACIÓN DO TRATADO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVERSIÓN. - Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:

Don ANDRÉ ABELEDO FERNÁNDEZ, Portavoz do Grupo Mixto-Esquerda Unida no Concello de Narón, o amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación la siguiente **MOCION** relativa a **Declaración deste municipio contrario a aplicación do Tratado Transatlántico de Comercio e Inversión (TTIP en inglés)**, dacordo a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A UE e os EEUU negocian dende xunio do 2013 un tratado de libre comercio e inversiones, o TTIP. Anteriormente a UE finalizou as negociacións do outro tratado, o CETA, con Canadá que está a espera da súa ratificación por parte do Parlamento Europeo. As negociacións actuais do TTIP caracterízanse pola súa absoluta falla de transparencia, que reflexábase na súa nula presenza como noticia nos grandes medios de comunicación.

O obxectivo de estos tratados é establecer un grande mercado trasatlántico de máis de 800 millóns de persoas que consagraría o dominio das grandes corporacións transnacionais europeas e norteamericanas no detrimento dos cidadáns de ambas-las partes do océano. Se ben os seus defensores argumentan que son positivos para reactiva-la economía a realidade e que estos tratados pretenden conseguir maior competitividade exterior a costa de rebaxar ou elimina-las regulacións laborais, sociais, económicas, sanitarias, educativas, culturais e ambientais, ya duramente atacadas polas sucesivas reformas habidas no noso Estado.

Non en van, foron as multinacionais- Industria automovilista, químicas, farmacéuticas e agroalimentarias, enerxéticas, bancos, fondos de inversións, etc.,- a ambos lados do Atlántico que máis presionaron para impulsar estas negociacións. (O 90% das negociacións deronse con lobbies de estas).

Dado que os aranceis entre a UE e EEUU son xa moi baixos o tratado centrase na eliminación de leis co fin de reducir costes para as multinacionais, as chamadas barreras non convencionais. Así este tratado podese desembocar na supresión de regulacións sociais, laborais, ambientais ou de seguridade alimentaria e sanitaria, supondo tamén unha merma nas liberdades dixitais. Para elo xenerarase o “consello de cooperación reguladora” onde sentaránse profesionais designados polas multinacionais e que marcarán as futuras normativas a crear polos estados.

Un dos capítulos máis polémicos, é a de la protección das inversións, pola cal calquera inversor privado Internacional pode desafiar, ante tribunais comerciais (poco transparentes e poco democráticos) calqueira lexislación (ambiental, laboral ou social) que interfira os seus beneficios. Por exemplo una regulación sanitaria para prohibir-lo uso de sustancias tóxicas puede ser obxecto de demanda.

Queremos denunciar, a súa vez das posibles consecuencias que máis abaixo enumeranse, a opacidade e o nulo debate con que estánse levando estas negociacións. Non hai debate porque este tratado estase a negociar na sombra, sin ter en conta os gobernos estatais nin a cidadanía. Tras varias rondas de negociacións a transparencia e a comunicación con a sociedade civil foron nulas. Os propios Eurodiputados viron limitado o seu acceso os documentos derivados das negociacións, feito o cal contou con a denuncia da propia defensora do pobo europea. En setembro do 2014, a Comisión Europea prohibiu unha Iniciativa Lexislativa Popular que invitaba a rechazar-las negociacións.

Frente a comunicación fluida e constante con as grandes multinacionais, toda comunicación con a sociedade civil por parte da Comisión Europea limitouse a obvia-las críticas e repetir, sen diálogo algún, as supostas bondades do TTIP.

As consecuencias das posibles ratificacións de estos dous tratados –e o de TISA, acordo sobre servicios en fase de negociacións entre algúns países da OCDE afectarían a amplios sectores da poboación a ambos lados do Atlántico, posibilitando políticas que amenazarían:

- os dereitos laborais como a liberdade sindical ou a negociación colectiva
- a pervivencia de servicios públicos como a sanidade, a educación ou pensions
- a xestión dos residuos, transporte o saneamento e distribución de augas que serían privatizados
- a seguridade alimentaria o permitir-los transxénicos na agricultura, o gando vacún hormonado, o porcino e o aviar clorados,
- os recursos naturais, potenciando o fracking e importando productos altamente contaminantes como as arenas bituminosas.
- a biodiversidade o apostar pola agroindustria que implica pérdidas de variedades locais e razas autóctonas e a paulatina desaparición das paisaxes rurais.



- o principio de precaución sobre o uso de sustancias químicas o deixar de controlala sua seguridade antes da obtención do permiso comercial
- a privacidade persoal o permitir un mayor acceso e control sobre datos privados por parte de empresas proveedoras de internet e outras grandes corporacións sectoriais
- o acceso os productos farmacéuticos o reforzar-las patentes fronte os xenéricos
- a posibilidade de mecanismos de control bancario que eviten novas crisis especulativas.

Para conseguilo, estos tratados contemplan a implantación de dous mecanismos antidemocráticos que aseguren o que os negociadores chaman a “armonización normativa” que non é máis que unha regulación a baixa da lexislación vixente. Por un lado, o Consello de Cooperación Reguladora, una especie de goberno das transnacionais que dictaminará o que se pode ou non se pode legislar en asuntos que afecten os seus intereses e, por outro, o mecanismo ISDS de resolución de conflitos entre empresas e estados, que garante as inversións –e as súas previsións futuras de beneficios– de calquera empresa ante potenciais políticas proteccionistas ou de control lexislativo, conflitos que habrían de resolverlos tribunales privados de arbitraje fora de todo control democrático. En definitiva estes tratados, baixo o disfraz da mellora da economía e o emprego, ademais de apuntar a mellora da conta de resultados das grandes empresas, permitirán a paulatina e perversa apropiación do poder político e xudicial por parte do poder económico das grandes corporacións transnacionais.

Por todo elo proponemos a seguinte

MOCIÓN

1. Declarar a Narón como municipio oposto o TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medioambiente e a saúde.
2. Solicitar o parlamento Español e a os Eurodiputados electos o seu rechazo a aprobación do TTIP.
3. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.

En Narón, a 7 de xullo do 2015

E visto o ditame favorable, por maioría, con 4 votos a favor (2 TEGA+1 BNG+ 1 GRUPO MIXTO) , 1 voto en contra do PP e 1 abstención do PSdeG-PSOE da Xunta de Portavoces de data 27/07/15 , propónse ao Concello Pleno a aprobación do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: En contra 5

PSdeG-PSOE: Abstencións 2

BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1

12 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA RETIRAR A LEI ORGÁNICA 4/2015, DE 30 DE MARZO, DE PROTECCIÓN DE SEGURIDADE CIDADÁ (LEI MORDAZA).

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O PP aprobou o pasado 11 de decembro, en solitario, a súa Lei de Seguridade Cidadá coa oposición frontal do PSOE. Se trata dunha “lei mordaza” que rompe o espírito da Constitución e que o PSOE procederá a derrogar en canto regrese ao Goberno. Esta lei non só non ten contado co

respaldo parlamentario dos partidos da oposición se non que ten sido recorrida ante o Tribunal Constitucional por unha ampla maioría dos mesmos: o PSOE ten promovido o recurso de inconstitucionalidade contra a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá, xunto con Esquerda Plural (IU, ICV-EUiA), UPyD, Compromís-Equo, e Coalición Canaria.

Non existe unha demanda social para unha norma absolutamente innecesaria, que supón un recorte de dereitos políticos e civís recollidos na Constitución, polo que o único que busca o Goberno é un retorno ao Estado policial.

Rajoy está demostrando ser o presidente máis retrógrado da democracia española, está legislando soamente para a dereita máis extrema e está aprobando recortes en dereitos e liberdades en cada Consello de Ministros.

É evidente que o Goberno ten medo á contestación social, lle molesta e converte á cidadanía que protesta en cidadás e cidadáns baixo sospeita. A lei mordaza é unha lei desmesurada e desproporcionada, tanto polas restricións que contempla como polo agravamento das contías das multas. Busca castigar máis ofrecendo menos garantías xurídicas á cidadanía.

Con esta lei, por citar varios exemplos, se poderá castigar con hasta 30.000 euros unha manifestación para impedir un desafiuzamento ou con ata 600 euros as faltas leves, que son as máis comúns. Se poderá multar a quen difunda imaxes de antidisturbios golpeando sen necesidade a manifestantes, ou considerar unha ameaza á seguridade cidadá negarse a mostrar o DNI. Ademais, quen participen nunha manifestación espontánea, isto é, non notificada previamente á Delegación do Goberno –cosa que ocorre no 50% das protestas- poderán ser tamén multados.

Ao Goberno do PP lle molesta a xente na rúa, pero o problema non son os cidadás e cidadáns que critican a acción do Goberno e as súas políticas antisociais. Si a dereita gobernante quere frear as protestas sociais que tanto lles perturban, o que debe facer é rectificar a súa política económica e botar freo á desigualdade, pero non arremeter contra a cidadanía que protesta na rúa. Con esta lei, o PP demostra que non acepta o dereito á queixa e á discrepancia.

É evidente que coa escusa da crise, o PP ten recortado os dereitos sociais. Agora, coa escusa da seguridade, busca cercenar as liberdades políticas e civís. Un novo recorte de dereitos que se suma aos xa perpetrados durante estes tres anos do PP en educación, sanidade, dereitos laborais, xustiza...

Os e as socialistas seguiremos traballando para preservar a cohesión social, a liberdade e a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía, impulsando desde os municipios as prestacións necesarias de servizos sociais e promovendo a reinserción social das persoas en situación de maior vulnerabilidade. Medidas de prevención, que, desde as entidades locais, poden asegurar o desexable benestar da nosa cidadanía e o aseguramento dos seus dereitos e liberdades, e axudar a “minimizar” o efecto da mal chamada Lei de Protección de Seguridade Cidadá.

Por estas razóns formulamos que o PP retire a “lei mordaza”, porque lima a cohesión social, cuestiona frontalmente o Estado de Dereito e limita os dereitos e as liberdades da cidadanía que temos conquistado nestes anos de democracia dende que se aprobou a Constitución no ano 1978.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Narón somete a votación a seguinte MOCIÓN para ser aprobada e na que se insta ao Goberno de España a:

Retirar a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza) porque restrinxe indebidamente o exercicio dos dereitos e as liberdades da nosa cidadanía e representa un ataque frontal ao noso Estado de Dereito.

Narón, 27 de xullo de 2015

E visto o ditame favorable por maioría, con 5 votos a favor (2 TEGA+1 BNG+1 PSdeG-PSOE+ 1 GRUPO MIXTO) e 1 voto en contra do PP, o seu presidente propón a aprobación do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9



PP: En contra 5

PSdeG-PSOE: A favor 2

BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1

13 °.- MOCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DE CLAREXAR O ACONTECIDO CO ABASTECIMENTO DE AUGA ENTRE OS DÍAS 16 E 19 DE XULLO.

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego- Asembleas Abertas, ao amparo do disposto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o pleno da Corporación Municipal esta moción, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente situación derivada da problemática no abastecemento de auga a varios concellos da comarca puxo en evidencia numerosas eivas no tocante ás condicións -infraestruturais e sanitarias- na que se está a prestar o devandito servizo como tamén no relativo á xestión de situacións que, como a que padecemos hai varios días, obrigaron a adoptar medidas extremas que afectaron á normal prestación do servizo á cidadanía. Por todo, e coa convicción de que é fundamental clarexar o acontecido ao respecto, o grupo municipal do BNG-Asembleas Abertas somete para a toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno da Corporación Municipal de Narón insta ao Concello de Ferrol e á Xunta de Galiza a:

- Establecer os mecanismos -unificando nunha única as diversas propostas de comisións que se teñen feito- e poñer os recursos precisos, de maneira urxente, para o esclarecemento do acontecido ao respecto da falla de abastecemento de auga potable nos concellos de Ares, Fene, Ferrol, Narón e Mugardos entre os días 16 e 19 xullo, día en que se restableceu o suministro, e así:
 - poder coñecer de forma veraz a secuencia de feitos, decisións e medidas adoptadas ao respecto para a resolución do problema.
 - dirimir as responsabilidades precisas no plano técnico e político; tanto do Concello de Ferrol, titular do suministro; como da Xunta de Galiza como responsábel nas funcións de control, inspección e coordinación.
 - introducir os cambios precisos e implementar as medidas correctoras axeitadas para que, na medida do posíbel, non volva producirse un episodio como acontecido.
 - elaborar un plan de actuación ou “protocolo” común por e para os concellos que dependen do mesmo suministro de auga. De tal maneira que exista unha coordinación total e conxunta para dar solución no menor tempo posíbel a esta e a outras situacións que se poidan producir no futuro.
- Efectuar unha convocatoria da Mancomunidade co fin de abrir un debate ao respecto da xestión íntegra da auga nos concellos, partindo da idea de mancomunar o devandito servizo; como xeito de garantir tanto as disfuncións que se producen na xestión do mesmo (prezos, medios..) como tamén unha actuación coordinada e uniforme en casos como o que acaba de acontecer.

E visto o ditame favorable, por maioría, con 4 votos a favor (2 TEGA+1 BNG+1 GRUPO MIXTO) e 2 abstencións (1PP+1 PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces de data 27/07/15, o seu presidente propón a aprobación do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr. Villamar Díaz: si, bueno, parécenos que este é o momento, no, que unha vez que se solucionou este problema, non nos parecía ao BNG, este momento, cando se estaba solucionando, que era o momento de solucionar o problema, non de crear alarma, pero si que nos parece agora que xa está solucionado un momento de que, sen buscar culpables, no, pero que si de que se faga unha comisión que determine que foi o que fallou.

Se houbera algún tipo de negligencia, pois efectivamente que se tomen responsabilidades oportunas e que se corrixa todos os posibles fallos que houbera ou que se tomen medidas que non se preveía para que esto non se volva a producir, pero eu creo que tamén, e así o comentamos no segundo apartado, eu creo que tamén é o momento de que todos estes servicios (aquí falamos do servicio íntegro da auga) pero ao mellor tiñamos que falar tamén dos demais servicios, do lixo, dos bombeiros etc. etc. de que empecemos a falar da súa comarcalización, no, de que a Mancomunidade ou os órganos que se crea oportuno, pois de que xestione todo esto, no, que é necesario, pois no caso da auga, que ese encoro que son As Forcadas, que se lle concedeu a Ferrol no seu momento, cunha orde da época de Franco, pois xa cremos que xa é o momento de que eso se comparta con toda a comarca igual que temos que compartir os colectores xerais, da mesma maneira que temos que pedir que a depuradora que temos no fondo da ría pois que eso o xestione a Xunta, é dicir, que temos que buscar a coordinación entre as diferentes Administracións para que estes servicios sexan o mellor posibles e que sexan para todos, no. Entonces, falamos aquí, non é razoable e teríamos que poñernos de acordo incluso nos prezos. Non é razoable que a auga, que sae do mesmo sitio, que teña un prezo diferente en Mugar dos, que en Ares, que en Narón que en Ferrol. É dicir, ese tipo de cousas cremos que é importante que nos poñamos de acordo e que colaboremos entre todos que seguramente redundará en beneficio para os veciños e veciñas de Narón pero tamén de toda a comarca, no. Nada máis.

-Sra.Ferreiro Díaz: bos días a todas e a todos. Terra Galega respaldará esta moción como xa anunciamos na Xunta de Portavoces e ante os feitos acontecidos nestas datas, do 16 ao 19 de xullo por entender que é necesario clarear o sucedido e depurar responsabilidades para evitar que esta situación vivida durante estes días se volva a repetir.

En canto á posibilidade dunha xestión mancomunada de auga nos concellos, recordar que Terra Galega se opuxo públicamente dende un principio á concesión da xestión da depuradora e dos colectores do saneamento aprobado unilateralmente polo anterior goberno local de Ferrol feita a Emafesa.

Así quedou tamén reflectido de novo na reunión que mantiveron onte o alcalde José M.Blanco, o alcalde de Ferrol, José M.Suárez cos representantes da Xunta de Galicia.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

14º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES

Non se presentaron mocións urxentes.

15º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO

O Sr.alcalde informa aos/as Sres./as concelleiros/as que as Resolucións da Alcaldía e dos concelleiros/as delegados/as están á súa disposición nas oficinas de Secretaría Xeral.

16º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS



Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 10:35 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE



Asdo.- JOSE M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI